# RETALLOS



© Xosé Abad

Día das letras 2024

# LUÍSA VILLALTA

Revista do centro EPAPU Eduardo Pondal

Período escolar 2023 – 2024

# SUMARIO





*Imaxe creada con AI Image de Google.*


**03**

**EDITORIAL**

Quen somos?
Que facemos?
Que queremos?

**04-14**

**ENTREVISTAS**

Falas con persoas relevantes en diversas áreas e homenaxe a unha compañeira.

**15-19**

**CONVIVENCIA E EVENTOS**

Imaxes de eventos de convivio e da primeira graduación celebrada da escola.

**20-26**

**ACTIVIDADES EXTRA/COMPLEM.**

Mostra das actividades extraescolares e complementares que se fixeron.

**27-31**

**LETRAS GALEGAS**

Espazo dedicado a rememorar a autora homenaxeada con palabras e imaxes da súa vida.

**32-38**

**PROGRAMAS E PROXECTOS**

Descrición dos proxectos da escola e mostra dalgunhas das actividades realizadas neles.

**39-40**

**LETRAS**

Espazo de poesía, homenaxe a dous poetas falecidos neste ano, Nuno Judice e a cantora Sara Tavares.

# EDITORIAL

Unha EPA non é unha escola calquera, é unha escola moi especial, moi diversa, multifacética, multicultural...
Só por iso xa ten de ser flexíbel, versátil e polivalente.

Neste número, dedicado a Luísa Villalta, como ela foi (violinista, ensaísta, poeta, narradora, novelista, dramaturga, compositora, profesora...), queremos tamén mostrar e valorizar toda a nosa pluralidade dentro da igualdade que esta escola nos confire.



**Patio central cuberto**

No presente número mostramos unha multiplicidade de traballos e acontecementos que tiveron lugar durante o ano académico 2023/2024.
Foi un ano de despedidas, de xubilacións, algunhas dunha das figuras máis basilares da historia desta institución (Concepción González).
Houbo tamén moita acción, co desenvolvemento de proxectos novos e/ou renovados (PlanoProxecta+, Equipo de Dinamización Linguística - EDL...).
Tamén quixemos pór en valor a idiosincrasia deste peculiar centro dando a coñecer parte da súa esencia máis distintiva: a multiculturalidade existente na escola.


## CRÉDITOS

**Edita**

- EDNL – Epa pondal

**Diagramación**

- Antia Cortiças Leira
  Luís F. Figueiroa

**Revisión lingüística**

- Iago Fernández López
  Ana Camiño
  Antia Cortiças Leira
  Luís F. Figueiroa

**Contributos:**
Lista completa na última páxina

*Homenaxe a unha vida*

# Á conversa con Concepción González Rodríguez

*A profesora foi homenaxeada coa inauguración dunha aula na escola ao seu nome*




## FORON ANOS MOI PROVEITOSOS E AGRADABLES

*Síntome "rara" como á espera de que pase "algo" sen saber que é o que espero, por iso de entrada vou deixarme levar. (...)*
*No meu caso non é doado, ao levar 44 anos cun plan de vida moi organizado e satisfactorio, e ser unha persoa moi metódica e cuadriculada.*

**Xubílaste, que sensacións tes ante a nova situación vital?**

Síntome rara, como á espera de que pase "algo" sen saber que é o que espero, por iso de entrada vou deixarme levar. A xubilación é algo esperado pero como todas as situacións novas que nos van pasando ao longo da vida, unha cousa é o que pensamos antes de que acontezan e outra moi distinta como actuamos cando suceden. No meu caso non é doado, ao levar 44 anos cun plan de vida moi organizado e satisfactorio, e ser unha persoa moi metódica e cuadriculada.

**Como definirías nunha frase os teus anos de traballo na EPA?**

Vistos desde a perspectiva do tempo, podo dicir que foron proveitosos e agradables, e que debido á propia estrutura e evolución destes centros, cada curso sempre houbo e haberá novidades, o que sempre che obriga a estar aprendendo día a día, reto que para min é imprescindible na vida.

**Cando comezaches a traballar aquí?**

Se te refires a cando comecei a traballar neste edificio, pois desde a súa inauguración, como "**Edificio de Educación a Distancia**" o 30 de xuño de 1992, coa finalidade de que, nun mesmo edificio, un estudante puidese iniciar os seus estudos básicos, continuar coas ensinanzas medias e rematar cos estudos universitarios. De feito, neste edificio instaláronse os tres Centros educativos involucrados nesta modalidade educativa e que estaban a funcionar en diferentes centros educativos, compartidos da cidade:

- O Centro Galego de Educación Básica a Distancia (CEGEBAD) no que se impartiron as ensinanzas de EXB a distancia. pero cunha permanencia no edificio moi breve (finais dos 90). As súas dependencias logo foron ocupadas polo Centro de Orientación Específico e o Centros de Formación Continuada del Profesorado (CEFOCOP), na actualidade Centro de Formación e Recursos (CFR), que seguen na actualidade no edificio, aínda que non teñen nada que ver coa ensinanza a distancia.
- O Instituto Galego de Bacharelato a Distancia (INGABAD), que permaneceu neste edificio até a súa extinción no curso 2002-2003. Ese mesmo curso ocupou as súas instalacións a EPAPU Eduardo Pondal, que até ese momento funcionaba só no edificio da Praza da Nosa Señora (zona Sagrada Familia), e que segue desde ese curso utilizando ambos os dous edificios, para os diferentes niveis educativos que se imparten na actualidade.
- A Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), que segue desde esa data impartindo ensinanzas universitarias neste edificio.



# HOMENAXE A UNHA VIDA DE COMPROMISO

*Fixen a carreira de Ciencias Biolóxicas na especialidade de Bioloxía Mariña por vocación pensando na investigación, pero ao rematar a carreira e comezando a investigar no CSIC na rama Agrobiolóxica, en Santiago de Compostela nos "Usos de algas mariñas" vin claramente que a investigación neste campo no noso país era algo do que dificilmente se podía vivir, e decidín preparar oposicións*

*Así comecei no ano 79 a miña profesión como docente, da que, por certo, nunca me arrepentín.*



Homenaxe, 21 decembro 2023

Así que, como eu xa traballaba no INGABAD, no curso 1992-93 trasladámonos aquí, estreando este edificio e as súas instalacións, e permanecín nel até a desaparición do INGABAD no curso 2002-2003. Ese curso regresei ao IES Eusebio da Garda, onde tiña a praza con destino definitivo.

Se ben, dous cursos máis tarde regresei de novo a este edifico e nel permanecín até hoxe, aínda que xa non á sede do INGABAD, senón á sede do centro EPAPU "Eduardo Pondal, que unha serie de cambios lexislativos en Galicia (Orde do 8 de maio de 2002), transformara nos novos Centros Específicos de Adultos de Galicia, nos que se podían impartir tódolos niveis de ensinanzas de adultos tanto na modalidade presencial como semipresencial, e que como até ese momento eran centros nos que só se impartían os Niveis básicos (I e II), non contaban con profesorado de secundaria que puidese impartir a ESA (Nivel III). Isto motivou un concurso de traslados específico do corpo de profesores de secundaria a estes centros específicos de adultos, no que nos incorporamos 7 profesores de secundaria ao claustro do centro EPAPU.



Homenaxe, 21 decembro 2023

**E sempre quixeches ser docente?. Es docente por vocación ou por decisión?**

Fixen a carreira de Ciencias Biolóxicas na especialidade de Bioloxía Mariña por vocación pensando na investigación, pero ao rematar a carreira e comezando a investigar no CSIC na rama Agrobiolóxica, en Santiago de Compostela nos "Usos de algas mariñas", vin claramente que a investigación neste campo no noso país era algo do que dificilmente se podía vivir, e decidín preparar oposicións, daquela para Agregados de Bacharelato de Bioloxía e Xeoloxía e logo as de catedrática e intentar no futuro de compaxinar a miña paixón de investigar coa profesión docente. Así comecei no ano 79 a miña profesión como docente, da que por certo nunca me arrepentín.

# AULA DA NATUREZA

## CONCEPCIÓN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

*Os cambios nas EPAPU en Galicia comezan cos cambios lexislativos ao implementar a LOXSE na educación de adultos*

**Nesta mesma liña, entón que outros traballos desempeñaches?**

Tal como era a miña intención, tratei de compaxinar a docencia coa investigación, por iso pouco a pouco fixen o doutoramento, na especialidade de Didáctica das Ciencias Experimentais na Universidade da Coruña, da que tamén fun profesora asociada durante varios anos. A partir do doutoramento, teño participado en proxectos de investigación desta Universidade, relacionados coa mellora da didáctica das ciencias da natureza na ensinanza secundaria e publicado numerosos artigos en revistas deste campo de coñecemento como: *Journal of Biological Education; Enseñanza de las Ciencias; Aula, Cuadernos de pedagogía, Revista Galega do Ensino; Revista Electrónica de Enseñanza de las Ciencias, Revista de Educación en Biología; Eureka sobre enseñanza y divulgación de las ciencias, Enseñanza de las Ciencias de la Tierra*...

Síntome especialmente orgullosa da miña colaboración como asesora en temas de Bioloxía Mariña no programa da TVG, "Senda Verde" e dos libros publicados no eido da divulgación da Bioloxía mariña, a miña especialidade orixe no campo da Bioloxía, como son:

- A *Guía de la marea baja. Fauna y flora del litoral de A Coruña*. (1991: Casa das Ciencias. Concello da Coruña,)
- *Guía ecolóxica do litoral galego*. (1996: Xerais) e *Algas mariñas de Galicia* (1998: Xerais)

Por último, no ámbito da educación de adultos, formei parte do grupo de traballo encargado pola Consellaría de Educación para elaborar o actual currículo do ámbito científico-tecnolóxico e nos materiais de apoio para a ESA e o Bacharelato, especialmente para o alumnado de ensinanza a distancia semipresencial.



Homenaxe, 21 decembro 2023

**Que destacarías do antes e do agora da EPAPU?**

É difícil establecer unha comparación, porque o cambio foi total. Hai que recordar que nos antigos EPAPU só se impartían os niveis de alfabetización (Niveis I e II) e só contaban nos seus claustros con profesorado de primaria. No noso caso, as instalacións do centro estaban localizadas exclusivamente no edificio da praza da Nosa Señora (Barrio da Sagrada Familia).

Os cambios nos EPAPU en Galicia comezan cos cambios lexislativos ao implementar a LOXSE na educación de adultos, xa que xorden como os centros elixidos pola Consellería de Educación para impartir tódolos niveis educativos, incluídas as modalidades presencial e a distancia, deixando á marxe o Instituto Galego de Bacharelato a Distancia (INGABAD) e toda a súa infraestrutura, que fora a institución que até ese momento levaba a cabo esa función en Galicia. desaparecendo no ano 2002 do organigrama educativo en Galicia.

De feito, no curso 2002-2003 a EPAPU Eduardo Pondal, pasou a ocupar as instalacións do Edificio de Educación a Distancia que deixara baleiras a sede do INGABAD, e a impartir nelas a ESA nas modalidades presencial e semipresencial e algúns anos mais tarde (curso 2007-2008) tamén bacharelato a distancia na modalidade semipresencial.

Todos estes cambios levaron parella a necesidade de que estes centros contasen tamén con profesorado de secundaria no seu claustro. De feito, este centro pasou dun claustro formado por 5 profesores de primaria a 23 profesores, maioritariamente de secundaria, aínda que sigamos a considerar que é unha ratio moi baixa tendo en conta o número de alumnos/as e os niveis que se están a impartir. Anos despois tamén se conseguiu unha praza definitiva de Orientador, cando durante moitos anos estabamos adscritos ó departamento de Orientación do IES Salvador de Madariaga, o que supuña unha carencia moi grave para o noso alumnado.

Homenaxe á profesora 21 decembro 2023



Tamén se tiveron que afrontar deficiencias nos PAS, xa que nos inicios só había una praza de administrativo, o que impedía que a oficina estivese aberta polas tardes, cando se estaban a ofertar horarios en quendas de mañá e tarde. Após demandas continuadas, conseguiuse contar con dúas administrativas e tres conserxes, o que facilitou a atención ás necesidades do noso alumnado.

En fin, pouco a pouco e ano a ano fomos crecendo, tanto en alumnado como en profesorado e tamén se conseguiu contar con espazos imprescindibles nos centros específicos de adultos, pero dos que non se dispuña como eran: a aula de informática, a biblioteca e o laboratorio de ciencias naturais. Esta recuperación de espazos supuxo quizais a xestión mais longa e complexa por parte da comunidade educativa da EPAPU, xa que foran espazos ocupados polas outras institucións coas que compartimos o edifico nos anos do esmorecemento do INGABAD.

Polo tanto, podemos concluír que as EPAPU até os finais dos 90, eran centros moi pequenos dedicados á ensinanza de adultos presencial só no nivel básico e agora son centros nos que se integran tódolos niveis educativos de ensinanzas de adultos, incluída a modalidade tanto presencial como a distancia semipresencial. De feito, a oferta educativa que se está a ofrecer no noso centro nunca abarcou tantos niveis e modalidades educativas como a actual, integrando nas súas aulas:

- Ensino básico inicial, niveis I e II nas modalidade presencial e semipresencial.
- Educación secundaria nas modalidade presencial e semipresencial.
- Bacharelato na modalidade semipresencial.
- Cursos de formación de ensinanzas non regradas (Aula Mentor).
- Galego e castelán para estranxeiros, ensino en crecente demanda por alumnado procedente doutros países e de fóra da comunidade autónoma.
- Cursos de formación en competencias dixitais, para persoas adultas non escolarizadas.

**Fuches unha das persoas máis activas na defensa dunha docencia para adultos profesional e de calidade. Poderías contar un pouco a historia e o proceso de melloras que se foron conseguindo desde o primeiro INGABAD até a actual EPAPU?**

Como xa se pode desprender nas miñas respostas ao longo desta entrevista, a historia é longa, e temos que remontarnos ao curso 1982-83, no que comeza a funcionar o Instituto Galego de Bacharelato a Distancia (INGABAD) e remata o curso 2002-2003. O seu sistema de funcionamento tiña a súa orixe no Instituto de Bacharelato a Distancia estatal (INBAD), e nun sistema de ensino semipresencial, constituído por titorías presenciais (unha por materia á semana de asistencia obrigatoria ao centro educativo, en horario de mañá ou tarde) e un número de horas semanais de titorías de orientación, nas que os profesores estaba á disposición do alumnado para resolveren dúbidas académicas, corrixir actividades, orientar, e sobre todo motivalos no proceso de ensinanza-aprendizaxe, ás que pode acudir de forma presencial ou ben a través do teléfono segundo as súas necesidades (daquelas non existían outras vías telemáticas). O profesorado con destino específico nas súas sedes tiña a obriga de coordinarse e elaborar guías e materiais específicos (actividades, libros de texto), así como asistir a cursos que facilitasen a súa especialización e actualización. Incluso contaba cun programa semanal na Radio Galega, chamado "Cadernos para a Distancia" en que se difundían unha serie de temas culturais, elaborados polos profesores das sedes do INGABAD.

É dicir, que nas sedes do INGABAD, impartíase exclusivamente o Bacharelato semipresencial, mentres que nos actuais centros EPAPU, impártense tódalas etapas educativas da educación de adultos, o cal supuxo unha mellora moi importante.

Chegar ao momento actual foi un camiño longo e tortuoso, xa que nos primeiros anos nos centros EPAPU non se podían cursar os estudos de bacharelato semipresencial, que era exclusivo do IES San Clemente. Por iso podemos falar dos “anos escuros” do Bacharelato semipresencial a distancia en Galicia. Esta situación mantívose varios anos (desde o ano 2002 até o 2008), a pesar das protestas de toda a comunidade escolar, motivada polo elevado número de alumnado que demandaba estudos de bacharelato semipresencial en todos os centros de Galicia.

**NO 1982-83 COMEZA A FUNCIONAR O INSTITUTO GALEGO DE BACHARELATO A DISTANCIA (INGABAD), ATÉ 2002-03.**

**EN FIN, POUCO A POUCO E ANO A ANO FOMOS CRECENDO, TANTO EN ALUMNADO COMO EN PROFESORADO E TAMÉN SE CONSEGUIU CONTAR CON ESPAZOS IMPRESCINDIBLES NOS CENTROS ESPECÍFICOS DE ADULTOS**

Outro problema importante que houbo que afrontar foi que a Consellaría de Educación ampliou a oferta de educación secundaria, na modalidade semipresencial, aos internos das penitenciarias de Galicia, pero sen aumentar nelas o número de profesores, senón que foron adscritos como alumnos/as do EPAPU da capital da provincia na que estaba situada a penitenciaría. Así, a de Teixeiro quedou adscrita ao noso centro, o que supuxo un aumento de traballo para o profesorado e unha complexidade á hora de organizar as actividades lectivas o ter que integrar as visitas do profesorado de forma regular a penitenciaría de Teixeiro (no noso caso), pero ao mesmo acontecía nos outros centros de Galicia.

A solución a este problema foi tamén a presión exercida polos claustros e equipos directivos das EPAPU, e así conseguimos que tódalas penitenciarías galegas se transformasen en centros específicos de adultos e se dotasen de profesorado de secundaria, o que favoreceu o desenvolvemento da educación de adultos nelas, e ao mesmo tempo conseguiuse diminuír a carga de traballo nos EPAPU, o que redundou nunha mellora na calidade das súas ensinanzas, que durante eses anos estiveron desbordados tanto a nivel de xestión como a nivel académico.

Polo tanto, e para rematar, cabe dicir que se ben o INGABAD foi nos anos 80 unha modalidade de ensinanza innovadora nos estudos de Bacharelato en Galicia, sen dúbida, os actuais EPAPU responden moito mellor ás necesidades educativas das ensinanzas de adultos ao integrar no mesmo centro tódolos niveis educativos. Ademais, estar ofrecendo unha modalidade de ensinanza cunha grande flexibilidade de horarios, sen limitacións de tempo, lugar ou distancia, permite adaptarse ás circunstancias laborais, persoais e familiares do alumnado adulto. Isto explica que a día de hoxe seguen a gozar de moi boa saúde, contando con máis de 6000 alumnos/as en Galicia, dos que 3000 están matriculados en bacharelato semipresencial.
Polo tanto, os EPAPU actuais non compiten (nin é o seu obxectivo), con ningunha outra modalidade de ensinanza das que se ofertan no sistema educativo galego, senón que as complementa e polo tanto deben seguir estando presentes no futuro dentro do sistema público de educación e ofrecer unha ensinanza de calidade como na actualidade.

**POLO TANTO, AS EPAPU ACTUAIS NON COMPITEN CON NINGUNHA OUTRA MODALIDADE DE ENSINANZA DAS QUE SE OFERTAN NO SISTEMA EDUCATIVO GALEGO, SENÓN QUE AS COMPLEMENTA E POLO TANTO DEBEN SEGUIR ESTANDO PRESENTES NO FUTURO DENTRO DO SISTEMA PÚBLICO DE EDUCACIÓN E OFRECER UNHA ENSINANZA DE CALIDADE COMO NA ACTUALIDADE.**

# VAGALUMES NAS SOMBRAS: ÁNGELES ROZAS MÉNDEZ

## Ensinanzas básicas iniciais

Esta sección non podía acabar doutro xeito que non fose cunha entrevista a unha das mulleres máis importantes (ou a máis importante) que temos no EPAPU e que coñecen todas/os as/os estudantes: a nosa directora **Ángeles Rozas Méndez.**

Por tratarse de alguén tan especial, quixemos que fose ela mesma quen se presentase:

*O meu nome é Ángeles Rozas Méndez actualmente son a directora do EPAPU "Eduardo Pondal" da Coruña, formeime como mestra de Matemáticas e Ciencias Naturais, tamén son especialista en Educación Musical, Inglés, Audición e linguaxe e completei a miña formación como licenciada en Pedagoxía. Pasei 14 anos ensinando a alumnado xordo impartindo clases de Matemáticas, Inglés e Música e despois trasladeime ao centro de adultos "Eduardo Pondal" hai xa 14 anos. En ambos os centros desenvolvín e desenvolvo o cargo de directora.*

*Este é un pequeno resumo da miña traxectoria profesional se ben o meu maior título é o de ser nai dunha filla marabillosa, Alba.*



### ANTES DE COMEZAR, GÚSTACHE O TEU TRABALLO?

Gústame o meu traballo como directora do centro e sobre todo o contacto co profesorado, o persoal de administración e servizos e o alumnado, é dicir a parte humana que implica a dirección dun centro.

### CAL FOI A TÚA MOTIVACIÓN PARA CONVERTERTE EN EDUCADORA? E DIRECTORA?

Sempre me gustou ensinar, sobre todo Matemáticas, a todos os que tivesen interese en aprender compartindo. Xa cando estudaba bacharelato daba clases particulares a nenos e nenas. Ser directora veu máis tarde, cando a comunidade educativa do CEE Nosa Señora do Rosario me elixiu para desenvolver ese labor no centro no que traballei durante 14 anos con alumnado xordo. Dentro desa etapa, exercín como xefa de estudos durante tres anos e outros tres como directora. Posteriormente e ata hoxe, traballo no EPAPU Eduardo Pondal, onde comecei como vicederoctora e, durante os últimos 12 anos, exerzo como directora do centro. Aquí impartín Matemáticas en Ensinanza Básica Inicial (EBI) e na Educación Secundaria para Adultos (ESA), e agora administro a nosa Aula Mentor

### SEMPRE QUIXECHES SER DIRECTORA OU XURDIU POR CASUALIDADE?

O de ser directora non o tiña pensado pero cando empecei a traballar como profesora vin como era a xestión dun centro educativo e pareceume interesante. Posteriormente, a comunidade educativa dos centros xunto coa administración educativa, seleccionáronme para desenvolver a función directiva nos centros nos que fun e son directora tras presentar un proxecto de dirección.

### CAL É A TAREFA MÁIS COMPLEXA DA TÚA PROFESIÓN?

Cada vez hai unha carga burocrática e administrativa máis grande que compete ás direccións dos centros de tal maneira que consome moito tempo, máis do que debera. Esa é a parte que menos me agrada do traballo de dirección.

proxecta+

# VAGALUMES NAS SOMBRAS: ÁNGELES ROZAS MÉNDEZ

**Ensinanzas básicas iniciais**

**CAL É O PROPÓSITO PARA MELLORAR A INSTITUCIÓN E COMO VES A INSTITUCIÓN NO FUTURO?**

Continuar a facer do noso centro un espazo de desenvolvemento profesional e persoal para o profesorado e para o noso alumnado adulto, tentando que a toma de decisións potencie unha formación continua de persoas cun espírito crítico e coa formación necesaria para enfrontar retos profesionais e persoais.

En canto ao persoal do centro, traballar en conxunto motivados por obxectivos comúns que favorezan e potencien o ensino de persoas adultas.

**BASEADO NA EDUCACIÓN NA ACTUALIDADE, VOLVERÍAS SER EDUCADORA?**

Penso que volvería ser educadora porque me gusta e a educación ten unha parte importante de vocación que fai que creas nela.



**QUE ESPERAS PARA O FUTURO DA EDUCACIÓN EN ESPAÑA?**

Espero que, dunha vez por todas, se acade un pacto de Estado e se estableza unha Lei Xeral de Educación que se poda implementar en todas as Comunidades Autónomas tendo en conta as súas particularidades. Que non cambien as leis e os currículos educativos cada 4 anos ou incluso menos, cando cambian os gobernos. Un acordo para a educación con permanencia e bases comúns consensuadas por todos que permita avanzar en cada Comunidade segundo as súas características sería bo para todos.

Os estudantes españois son considerados moi positivamente en Europa pois a formación que reciben é boa. Moitos deles saen a traballar ao estranxeiro e o que me gustaría e que quedase esta riqueza no noso país, que o tecido empresarial aposte por eles con salarios dignos.

**CAL É O TEU MAIOR DESEXO PROFESIONAL?**

O meu maior desexo profesional vai ligado ao persoal, que o meu traballo continúe e siga proporcionándome satisfaccións resolvendo o día a día e levando o centro a bo porto. Que as novas xeracións tomen a remuda para perpetuar e mellorar a ensinanza en xeral e, en particular, nos centros EPA.

**SÉNTESE ORGULLOSA DA SÚA XESTIÓN DA EPAPU?**

A verdade é que si, estou orgullosa de dirixir un centro tan especial como este e de levar adiante curso a curso a formación de persoas adultas que con gran de esforzo e tesón culminan os seus estudos académicos, o que lles permite mellorar as súas posibilidades profesionais, académicas e persoais, porque nunca é tarde se a dita é boa.

En canto ao profesorado é estupendo contar cun equipo docente que se implique na ensinanza de persoas adultas traballando en conxunto. Este ano incorporáronse ao centro nove profesores novos e sempre é un reto organizar para que traballen motivados cunha organización de centro característica dos centros EPA.

proxecta+

# VAGALUMES NAS SOMBRAS: ÀNGELES ROZAS MÈNDEZ

**Ensinanzas básicas iniciais**

### TIVECHES ALGÚN MOMENTO COMPLICADO NO CAMIÑO RELACIONADO COA DISCRIMINACIÓN POLO FEITO DE SER MULLER?

Se ben cada vez somos máis mulleres as que exercemos como directoras nos centros educativos e a miña experiencia é positiva, mesmo liderando grupos de directores onde eu era a única muller, teño que dicir que os "micromachismos" existen e que nalgún momento si sentín que, polo feito de ser muller, tiven que demostrar habilidades ou coñecementos que aos homes "se lle dan por supostos".

### AGRADECEMENTO:

Esta é a entrevista máis especial posto que se trata de alguén moi próximo para nós e que gardamos con moito agarimo nos nosos corazóns.

Queremos agradecerche a ti, Ángeles, que nesta recta final de curso, dedicases un anaco do teu tempo para participares neste proxecto feminista, pluricultural e interdisciplinar, e contestar as preguntas do teu alumnado.

Aproveitamos tamén para agradecer o teu labor como guía do instituto, por apoiar e acompañar a todo o alumnado (e tamén ás/ós docentes) e por facilitarnos a convivencia durante o transcurso das clases.

Sempre é unha sorte ter de quen aprender, a quen admirar e en que apoiarse; e nós temos a sorte de contar cunha directora que abrangue todo iso e moito máis.

Grazas polo teu traballo!

Con esta entrevista tamén damos por rematado o proxecto. Esperamos que aprendésedes con el, que gozásedes das actividades e, sobre todo, que descubrísedes moitas mulleres marabillosas que parecían ocultas pero que merecen que escoitemos a súa voz.

Oxalá isto sexa un "ata a próxima"...




proxecta+

Entrevista publicada en: https://bit.ly/3RaZHmm

# ENTREVISTA A AURORA GRANDAL D'ANGLADE

## IRIA LOUZÁN CARREIRA

**1.-Por que quixeches especializarte no campo da paleobioloxía?**

A min sempre me gustou estudar a natureza e cando fixen Bioloxía non tiña moi claro que campo escoller, porque me gustaban todos.
Cando vin uns fósiles de oso cavernario no laboratorio da facultade e me dixeron que ninguén estaba a estudar iso, pensei "isto vouno estudar eu". Pareceume que era un atraso con respecto a outras zonas de España onde levaban moitos anos estudando os fósiles do Cuaternario. Como na Galiza se pensaba que non había, ninguén se decidira a buscalos e estudalos. Con todo, estaban aí, nas covas, esperando a ser descubertos.
De feito, os primeiros ósos foron atopados por espeleólogos que exploraban as cavidades. Ademais este traballo gústame moito porque leva moitos aspectos diferentes: primeiro, ir ao campo, ás covas, e facer escavacións.
E despois traballar no laboratorio cos fósiles, descubrir como era a súa vida, o seu ambiente...

**2.-Consideras que aínda nos queda moito por coñecer sobre os fósiles na Galiza?**

Si, porque quedan moitas covas aínda sen explorar. A pesar de que eu levo moitos anos, só puiden estudar unha pequena parte dos fósiles. Por exemplo sabemos que aquí houbo animais como leopardos ou rinocerontes, pero por agora só se coñecen uns poucos restos que non se puideron analizar aínda en profundidade.

**3.-En que nos podería axudar hoxe en día estudarmos o pasado?**

Podemos saber como ocorreron as cousas para despois aplicarmos ese coñecemento ao que ocorre na actualidade. Por exemplo, estudando unha especie extinta como o oso cavernario, podemos tratar de saber se a súa extinción foi provocada por mudanzas climáticas ou pola presión exercida polos humanos prehistóricos. E desta maneira podemos prever o que acontecerá coas especies ameazadas hoxe en día de non se tomaren medidas.
Tamén serve para coñecer os nosos antepasados: de onde viñeron, como eran, que legado xenético deixaron...



Foto en: https://bit.ly/3Vh1vvy

**4.-Que temos en común hoxe en día con Elba, a muller mesolítica?**

En realidade, houbo tantos pobos que chegaron á península ibérica e á Galiza despois da época de Elba, que o noso xenoma é un mosaico de diversas procedencias. Temos ADN africano, da Anatolia en Turquía, das estepas rusas... centroeuropeo tamén. Elba ten un compoñente xenético moi ancestral que outros restos humanos da península non conservaron. Probablemente isto débese a que a Galiza de hai miles de anos estaba afastada das rutas migratorias principais (digamos que ao estar máis illada, por tras as montañas orientais). Este compoñente ancestral aínda existe nalgúns galegos, como algo herdado e moi antigo; pero é unha pequena porcentaxe, igual que aínda nos queda un pouquiño de ADN dos neandertais.

**5.-Unha das cousas que máis nos sorprendeu foi a presenza de carie nos dentes, cando apareceron por primeira vez e cres que tivo algunha consecuencia negativa para eles? Como se estuda a dieta dos nosos devanceiros?**

A carie xorde cando os humanos comezan a comer dietas ricas en hidratos de carbono, por exemplo no Neolítico, cando comezaron a plantar cereais. No caso de Elba e a xente da súa época, que aínda non plantaban cereais, probablemente foi o aumento en froitos e froitos secos o que favoreceu nalgúns a formación de carie.

A dieta estúdase de varias maneiras. Por un lado está o estudo dos restos que se atopan nos xacementos: restos de sementes, de ósos animais con marcas de teren sido procesados (cortes, fracturas, indicios de teren sido queimados...).
Por outro lado está a análise dos propios individuos. O máis común é estudar o padrón de microestrías de desgaste dental, xa que cada tipo de alimento produce un desgaste diferente no esmalte.
Tamén se estuda o sarro dental para obter restos microscópicos da dieta do individuo. E por último, a análise bioxeoquímica dos ósos permite saber que tipo de proteína inxerían: se eran máis veganos ou comían moita carne, se comían peixe de mar...



**6.- Cales cres que poden ser boas medidas de divulgación para que o campo que estudas chegue á poboación galega?**

Creo que hai que chegar á xente máis nova para que saiba que o estudo dos fósiles non é algo que se ve nos filmes ou que se fai noutros sitios pero non aquí. Aquí tamén é posible estudar fauna prehistórica, e é necesario que os mozos o saiban (por se se queren dedicar a isto no futuro).
Todo o mundo coñece os dinosauros, pero outros tipos de fauna fósil acostuman pasar máis desapercibidos. Por iso creo que a divulgación mediante charlas en colexios (en directo ou mediante vídeos etc.),é unha boa medida de divulgación.

**7.- Un dos teus achados que máis nos chamou a atención foi que o declive do oso das cavernas e a expansión do ser humano estaban relacionados, pero, cal cres que foi o máis importante da túa carreira?**

É difícil decidir. Por cuestión persoal, creo que os máis importantes para foron os meus primeiros traballos na Cova Eirós. Foi a primeira vez que, escavando, atopei restos de osos cavernarios que son enormes e estaban moi ben conservados.
Produciume moita emoción pensar que levaban miles de anos alí enterrados e eu estábaos sacando de novo á luz. Pero probablemente o achado de Elba e o seu estudo foi o máis importante, xa que é o resto humano máis antigo atopado na Galiza (9000 anos), e coa colaboración de moitos especialistas logramos reconstruír bastante ben moitos aspectos da súa vida.

**8.- Hai 30 anos que presentaches a tese sobre os osos das cavernas na Cova de Eirós; tiveches que enfrontarte a situacións machistas no campo da investigación? Seguimos nas cavernas ou conseguimos saír por fin?**

Eu tiven a sorte de traballar con xente que non facía diferenzas entre homes ou mulleres. Os meus compañeiros e compañeiras da Universidade non teñen ese tipo de prexuízos. Si que coñezo outras investigadoras que se viron máis condicionadas: por exemplo, se se lles ocorría algunha idea, viña algún profesor (home) a dicir que non tiña interese ningún para, finalmente, apropiarse desa idea... En xeral o problema non é tanto no día a día, senón na loita contra ideas preconcibidas que tardan moito en eliminarse. Un exemplo é o ocorrido con Elba: deseguida apareceu un profesor doutra universidade de España dicindo que era unha muller moi baixiña e que non podería manexar os uros, que son animais moi grandes e perigosos.
Outra típica idea errónea é pensar que as mulleres primitivas só se dedicaban a ter fillos e quedar na cova ou recoller froitos. É unha idea moi anticuada, pero se nos fixamos en moitas ilustracións de libros de texto veremos que sempre pon os homes coa caza, tallando ferramentas e facendo case todo, mentres as mulleres miran. Utilizar os estudos do pasado para perpetuar ideas machistas é algo que hai que combater, porque nin é certo, nin axuda en nada á sociedade actual.



Por
Iria Louzán Carreira

**9.- Algúns autores opinan que o *Homo sapiens* é a domesticación do *Homo neanderthalensis* ou ben a súa propia autodomesticación, cal é a túa opinión respecto diso?**

Os *homo sapiens* modernos saíron da África moito máis tarde que os antepasados dos neandertais. Cando chegaron a Europa, atopáronse cunha poboación de neandertais moi escasa, e todo indica que, en moitos casos, se hibridaron e mesturaron, de maneira que os neandertais, antes do que extinguirse, diluíronse na poboación humana. Así pois, non podemos dicir que os humanos actuais sexamos decendentes (domesticados ou non) dos neandertais; temos só unha pequenísima porcentaxe do seu ADN. En canto á propia domesticación, teriamos que definir que é domesticación.
Cando falamos de animais, referímonos a unha selección por parte dos humanos daqueles individuos que son máis dóciles e fáciles de manexar. Esta docilidade leva tamén cambios físicos: os animais domésticos fanse máis pequenos que os seus antepasados salvaxes. Cambian algúns trazos, como por exemplo os cornos minguan, muda a forma das orellas... pero sobre todo é no carácter, máis tranquilo. Pois se vemos o que fai a humanidade actual, non parece que nos volvésemos máis pacíficos, precisamente. Á primeira oportunidade, hai un conflito ou unha guerra. Non, non creo que sexamos ningún produto dunha autodomesticación.

**10.- Ao longo da túa carreira observaches grandes mudanzas a medida que se foron desenvolvendo novas técnicas de análises de ADN?**

Si, moitísimas. Antes de poder facer análise de ADN de fósiles podiamos saber que unha especie estivo aquí ou acolá, que os individuos eran máis grandes ou máis pequenos etc. Mais coa análise xenética sabemos cal é a súa orixe e por tanto, de onde viñeron e como se foron estendendo polo territorio. E agora, coas técnicas actuais, pódense facer análises de todo o xenoma dun fósil e saber como eran certos trazos físicos, até metabólicos... isto achega moitísima información para reconstruír o pasado e sabes como foi mudando, que á fin e ao cabo é o que queremos estudar.



# A EPAPU NA IMPRENSA LOCAL

## 1. ENTREVISTA SETEMBRO 2023



### Herida una joven en Caldas atropellada por un conductor que dio positivo

**M. H.** PONTEVEDRA / LA VOZ

Una joven resultó herida en la madrugada de ayer con un golpe en la cabeza al ser arrollada por un automóvil en el kilómetro 6 de la carretera EP-8002, en San Clemente de César (en las proximidades del bar Stop), sobre las seis de la mañana. El conductor que la atropelló se dio a la fuga. Pero luego se arrepintió, volvió al lugar de los hechos y los resultados de alcoholemia dieron positivo. Según pudo saber la policía, la joven atropellada volvía a Caldas tras pasar una noche de fiesta. El conductor, de mediana edad y vecino de la localidad, venía de trabajar cuando arrolló a la joven, pero era consciente de que podía dar positivo en el control de alcoholemia, lo que pudo motivar que se marchase, según las pesquisas policiales.

Fueron los amigos de la joven los que avisaron a los servicios de emergencias y arroparon a la muchacha, que tenía un fuerte golpe en la cabeza y una brecha, y llegó a perder la consciencia, aunque luego la recuperó y fue trasladada a Montecelo.

### Piden seis años para el exdirector de una sucursal de Vigo por estafar 740.000 euros

REDACCIÓN / LA VOZ

La Fiscalía pide seis años de cárcel para el exdirector de una sucursal del Banco Pastor por haber estafado a la entidad más de 740.000 euros, utilizando una trama de pagarés falsos para conseguir liquidez para los socios de una empresa de la que él mismo había sido coadministrador. En el banquillo también se sentarán sus dos socios, y el juicio se celebrará a partir del jueves en la sección quinta de la Audiencia Provincial de Pontevedra, con sede en Vigo.

Esta vista estaba prevista para el pasado mes de junio, pero fue pospuesta. Ahora, dos de los acusados se enfrentarán a seis y cinco años de prisión, respectivamente, por un delito continuado de falsedad en documento mercantil en concurso ideal con un delito de estafa, mientras que para el tercero piden que sea condenado a tres años y siete meses de cárcel por un delito de estafa en concepto de cooperador necesario.

# «En el primer examen solo pude poner mi nombre, era lo único que sabía»

## En Galicia hay 6.300 adultos estudiando desde primaria hasta bachillerato

**SARA CARREIRA**
A CORUÑA / LA VOZ



Pilar Delgado, Eduardo López, Flora Báez y Juan Carlos Martínez estudian en la EPA coruñesa. ÁNGEL MANSO

La vida ofrece a veces una segunda oportunidad, y existe gente con el arrojo y la voluntad que se necesita para aprovecharla. Es el caso de Pilar, Flora, Eduardo y Juan Carlos, estudiantes de primaria, ESO y bachillerato en el centro de educación de adultos (EPA o Epapu) Eduardo Pondal, en A Coruña. Como ellos, hay 6.300 personas adultas en Galicia que sacan tiempo para formarse en estas etapas, y casi 800 que reciben clases de informática, español o gallego.

Las EPA son el tren educativo de última hora al que engancharse. «La gente no nos conoce —dice Ángeles Rozas, directora del centro—, y somos muy útiles porque todo es gratuito y ofrecemos gran flexibilidad, porque no son cursos, son niveles y ámbitos». Eso quiere decir que un alumno puede empezar en el ciclo primero de primaria, y, en dos días, pasar a segundo. Como Pilar Delgado, argentina de 20 años: «En Argentina dejé los estudios, y aquí los he querido retomar. Me hicieron una evaluación inicial para saber qué nivel me correspondía y empecé en el uno de primaria [la educación básica inicial, EBI, tiene dos niveles], pero a los dos días de clase me pasaron al nivel dos porque vieron que me venía mejor».

Este salto de curso es habitual, e incluso pueden pasar de ESO [para adultos se llama ESA, educación secundaria de adultos] a bachillerato en medio del curso. Es lo que le sucedió a Eduardo López, que empezó en la EPA en enero en el tercer nivel de la ESA, pero vieron que tenía potencial y en menos de un año pasó a bachillerato. Ahora cursa segundo. Un salto enorme: «No es lo mismo la ESA que el bachillerato —reconoce Eduardo—, porque en secundaria tienes clase tres días a la semana, y el profesor se puede parar, pero en bachillerato la exigencia es mucho mayor, porque te preparan para superar la selectividad y esto es semipresencial». En las EPA, el bachillerato solo se da en este formato, semipresencial: una hora por materia y semana. El resto lo tiene que preparar el alumno en casa. La educación básica y la ESA son presenciales.

**Tres opciones para bachillerato**

